



# Índice

- :: Ficha Técnica**
- :: Sinopse**
- :: CV Director**
- :: CV Productoras**
- :: Casting**
- :: Contacto**

## **Crebas**

Obxectos de mais ou menos valor  
que o mar deposita na costa.

## **Crebinskų**

Referente ás persoas que teñen como  
principal actividade recoller crebas.

# Ficha técnica



## Ficha técnica

**Título orixinal:** OS CREBINSKY

**Director:** Enrique Otero

**Guionistas:** Enrique Otero e Miguel de Lira

**Formato:** 35 mm

**Duración:** 90'

**Idiomas:** galego, español, inglés e alemán

**Montaxe:** J. R Lorenzo e Enrique Otero

**BSO:** Pablo Pérez

**Director de fotografía:** Sergio Franco

**Produtores executivos:** Farruco Castromán (Zircozine)

Enrique Otero (Control Z)

Miguel de Lira (Chévere Visión)

**Empresas produtoras:** Zircozine, Control Z, Chévere Visión

# Sinopse



## **Sinopse**

As choivas torrenciais provocan a crecida do río, que inunda un pobo. A corrente arrastra ós irmáns Crebinsky e a súa vaca, que aparecen milagrosamente vivos nun lugar da costa.

Crece alí, ao pé dun faro, a base de sobrevivir recollendo cousas que trae o mar, as crebas. Illados dos acontecementos bélicos que lles rodean, crean o seu propio mundo: Un universo particular de realismo fantasioso.

O ritmo cotiá de convivencia coa súa vaca Muchka, vese alterado cando esta desaparece. É entón cando os irmáns inician unha búsqueda desesperada que os levará da costa cara ó interior. Unha road movie auténtica, unha viaxe interior de encontros inesperados, sentimentos ocultos e recordos borrados.

Sin saber onde van, rematan descubriendo de onde veñen.

**Cv director**





## **Cv director**

Nado na Coruña en 1971. Logo de varios anos como músico profesional en distintas formacións, **Enrique Otero** remata os seus estudos de realización para comezar a traballar na televisión como realizador de documentais e spots publicitarios, onde profundiza na aprendizaxe da fotografía da man de Juan B.Bueno (Cremi).

Crea o seu propio estudo de son, Control Z, onde entra en contacto co mundo da sonorización para ficción e da composición de bandas sonoras orixinais, entre as que salienta a música para a premiada curtametraxe **Minotauromaquia** (Juan Pablo Etcheberry), **De tripas y corazón** do mesmo director, así como para **La flor mas grande del mundo** (Juan Pablo Etcheberry), curtametraxe finalista dos Premios Goya.

O seu amplo percorrido profesional inclúe a realización e produción de spots publicitarios, documentais, videocreación, e curtametraxes. Na súa carreira como director salientan as curtametraxes **Parole** (2005) finalista do Notodofilmfest de Canal +, así como as curtas **A dúas velas** (2006) e **En Plan Galicia** (2006), a videocreación **Microfundismos** e o documental **Falan de nos**.

Foi tra-lo éxito dunha das súas curtametraxes, **Os Crebinsky** (2002) gañadora do 7º Festival de Cortometrajes La Fila de Valladolid, que comeza a desenvolver a súa primeira longametraxe cinematográfica que levará o mesmo título: **Os Crebinsky** (estrea 2010)

Actualmente atópase na preprodución da súa segunda longa como director, **Caixa Negra**.

**Cv Produtoras**

# ZircoZine

Zircozine é unha produtora galega independente asentada en Santiago de Compostela e fundada en 2007 por Luis Tosar e Farruco Castromán coa finalidade de producir cine, teatro e televisión de maneira independente pero apostando pola calidade e o talento novo.

Dende os seus inicios a día de hoxe produciron tres longametraxes, a primeira delas en coprodución con Antena 3 e Lazona Films: *Al final del camino* (estrea marzo 2009). Unha comedia dirixida por Roberto Santiago e protagonizada por Fernando Tejero e Malena Altiro. Distribuída por Warner cunha saída de 250 copias en salas.

A finais do 2008 comezaron a produción da longametraxe *Os Crebinsky* (estrea finais de 2009). Unha produción enteiramente galega dirixida por Quique Otero e protagonizada por Miguel de Lira e Sergio Zarreta.

Zircozine atópase actualmente na produción da longametraxe *18 comidas* de Jorge Coira, un formato de cine orixinal e valente baseada na improvisación coa participación de actores galegos, españois e internacionais da talla de Luis Tosar, Cristina Brondo, Milan Tosinovsky, María Vázquez, Víctor Clavijo, Sergio Peris Mencheta, Víctor Fábregas, Esperanza Pedreño, Pedro Alonso, entre outros.

Dentro dos proxectos en desenvolvemento, cabe mencionar como clara aposta polo talento galego, a tvmovie *Encallado* sobre o sumario xudicial do caso “Prestige”, dirixida por Alfonso Zarauza

E a longametraxe coproducida por Lazona Films “23F” que ten prevista a súa rodaxe para Xaneiro do 2010.



**18 Comidas**  
 Director: Jorge Coira  
 Producido por:  
 Zircozine e Tic Tac  
[www.18comidas.com](http://www.18comidas.com)  
*Status: En producción*



**Al final del camino**  
 Director: Roberto Santiago  
 Producido por: Zircozine, Lazona Films e Antena 3  
 Distribución: Warner  
*Status: Estrea Marzo 2009*



**Os Crebinsky**  
 Director: Quique Otero  
 Producido por: Zircozine,  
 Control Z e Cabo San Lázaro  
*Status: Estrea 2009*



## PRODUCCIÓN FEITAS

- 2006: Documental "Falan de Nós" para TVG
- 2006: Documental "ROL" para TVG
- 2007: Documental "Linguas Cruzadas" para TVG
- 2007-2008: Curtametraxe en animación 3D "O Raio Transparente"
- 2007-2008: Preproducción da longametraxe "Os Crebinsky".
- 2007-2008: Desenvolvemento e preproducción do guión de documental "Inventarios"
- 2007-2008: Longametraxe "Caixa negra"
- 2007: Serie documental "Hai que mollarse". Edición e posproducción
- 2007: Documental "Enciña da Lastra".
- 2007: Video promocional "Val da seara"
- 2008: Video "Xuventude Galicia net 2008", para Vicepresidencia da Xunta de Galicia
- 2008: Video centros "Quérote" para Dirección Xeral de Xuventude
- 2008: Producción e postproducción da longametraxe "Crebinsky"
- 2008: Video promocional Lilith asociación de mulleres
- 2008: Campaña publicidade Galinux, para a Consellería de Industria



## CHEVERE VISIÓN

**Chévere** é unha compañía de teatro con máis de **20 anos de traxectoria**. Neste tempo, converteuse nun dos grupos máis dinámicos e populares de Galicia, sorprendendo ao público non só co seu peculiar sentido do **humor**, senón que chegou a impoñer unha estética e un estilo **propios e recoñecibles**. Sempre co humor como filosofía e a risa como expresión, tratando de achegarse e interesar a un **público amplo** e plural.

Chévere, ademais, promoveu a creación dunha sala estable de espectáculos en Santiago de Compostela: a **Nave de Servicios Artísticos-Sala NASA**, que xestiona e dirixe desde outubro de 1992.

Nos últimos anos CHÉVERE ampliou e diversificou o seu teatro de operacións ao sector audiovisual, baixo o nome comercial de **CHÉVERE VISIÓN**. E fíxoo sobre a base dunha **equipa** que, individualmente aporta unha importante **experiencia** e **capacidade** tanto en teatro como no audiovisual, e que colectivamente ten unha demostrada **solvencia** a nivel de **produción e xestión** de proxectos culturais.

Para afrontar este novo reto, CHÉVERE ten realizado unha profunda **remodelación empresarial** interna poñendo en marcha en 2005 a **produtora Cabo Sam Lourenzo Misións Espectaculares**, unha estrutura máis **sólida, competitiva** e **profesional** que, ao capital humano e aos valores de produción que representan **Miguel de Lira, Xesús Ron** e **Patricia de Lorenzo**, está a incorporar a outros profesionais máis xoves de cara a conformar unha equipa que ofrezca as **garantías** necesarias, tanto na **creación** como na **xestión** e na **produción** cultural. Sen competencias, sen usurpacións, sen opas: por pura necesidade.

## PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL

- **CREBINSKY, O FILME.** 2009-2010. Empresa co-productora desta longametraxe, que será estreada no 2010.
- **REDENASA.TV** 2009-2010. Posta en marcha dun proxecto audiovisual interactivo que implicará a creación dun teatro virtual en rede. Proxecto en fase de produción.
- **ARROBAEMPRENDE.** 2009-2010. Creación de vídeos tutoriais para aplicar a planos de formación para emprendedores. Cliente: BIC Galicia.
- **DERRADEIRAS CHAMADAS.** 2009. Creación e produción dun vídeo de márketing viral para internet. Cliente: Dinahosting S.L.
- **I+D+i.** Novembro 2008. Varias pezas didácticas sobre os conceptos de investigación, desenvolvemento e innovación. Cliente: Fundación Innovapyme.
- **@LIZA.** Maio 2007. Programa piloto para unha serie de humor e divulgación cultural.
- **PEPE O INGLÉS.** Serie para a TVG. Dúas tempada, 28 capítulos, 2005-2006. Cabo Sam Lourenzo Misións Espectaculares actuou como empresa co-productora desta serie de televisión asumindo a contratación e xestión de toda a equipa de actores e actrices durante a primeira tempada, elenco encabezado polos propios socios da empresa.
- **EN PLAN GALICIA, A DÚAS VELAS.** Abril-maio 2005. A produtora participou na creación e produción de dúas curtametraxes incluídas na película colectiva "Hai que botalos".
- **ULTRAVISIÓN.** 1993-2010. Creación e produción de vídeos para a Ultranoite, un formato de espectáculo creado na sala NASA en 1993.

# Cast





## Cast



MIGUEL DE LIRA



SERGIO ZEARRETA




CELSE BUGALLO



LUIS TOSAR



OLIVER SCHULTZ



FARRUCO CASTROMÁN

**Contacto**



## Contacto

Alicia Veira Ramos

e-mail: [avrproduccion@gmail.com](mailto:avrproduccion@gmail.com)

Móbil: 628 627 672